

Límites manifesta

Colectivo Límites - Corpo Colectivo Transfronteirizo



arteria carótida común esquerda silvia penas **arteria tibial posterior** diego m. buceta **articulacións superiores** costa escura {pablo muñiz + charlee + cris bassols + leandro deltell} **atlas** pompa&boato {samuel merino} **cabeza** olsen {cris bassols} **caixa torácica** waste generation **cicatriz** bujiwa {wladimir vaz} **corda vocal** filipe miranda **fosas nasais** {míriam rodríguez} **ihotes de lagerhans** fiinda {míriam rodríguez + xabi xardón + pablo kaufmann} **lunar** maría roja **mans** chus nimo **miocardio** andrea jano **óso esterno** {chucho gonzález} **ósos metacarpianos** keens vereeniging pel ordet {leandro deltell + velpister + cris bassols} **terminacións nerviosas** velpister **van** cintaadhesiva {silvia penas + cris bassols}

#Prólogo

- corpo trazou a liña do devir / Non hai nada cara onde ir
- corpo desprazou a liña do devir / Non hai nada onde volver
- corpo transitou a liña do devir / Non hai nada que ocultar

“que xurda o que non ten nome nin collerá nun nome”

#I Corpo

VOZ EN OFF: A pandemia botou a última pa de terra sobre o século. Hoxe morremos e vivimos noutro tempo —os nosos corpos contaxian.

VOZ 1: Límites manifesta que o que nos iguala non é a morte, ríu, senón a vida, ríu

VOZ 2: Límites manifesta que a pel cobrou forma de arquipélago, e todo o seu perímetro é fronteira

VOZ EN OFF: Atravesadas polo xénero, pola clase e pola raza —de cada molde un rastro de monstros— deambulamos, imos indo, transcorremos. Imos sendo sen mirar atrás porque nada falta. Bikini, topless, bañador (es o que ves), máscara, pantalla de metacrilato, mans embriagadas de alcol e o don da ubicuidade en liña wifi — do corpo virtual ao corpo que segue resistindo e coexistindo com aquilo que infecta— corpo-ciborg, batería de litio, tratamento paliativo para o excedente de carraxe e man de obra

VOZ 2: Límites manifesta, en diferido, a ausencia dun corpo no que afirmarse a voz

VOZ 1: Límites manifesta que, porén, a voz sostén na fala un certo corpo, distinto e igual a outros

VOZ EN OFF: Os pelos, as uñas, as manchas, o olor, a procedencia, os orificios — preguntamos: como será agora o corpo deste tempo? Se o século nos deu an american movie star durmindo apenas con Chanel nº5; se nos entregamos aos perfumes do gardado, do mofo e da naftalina, do que se custodia en recipientes fastuosos: como esquecer que só a precariedade cheira a vida?

///

VOZ 1: Límites manifesta que saír fóra e sentir o olor do tránsito é tan fermoso como descoñecido

VOZ EN OFF: E aquí nós, corpos nun pequeno país, unha pequena cidade, un pequeno piso, unha cama estreita, habitando o íntimo, confinados coa pantasma do que nunca demos sido

VOZ 2: Límites manifesta que o espazo derrubou o lugar e que os corpos ocuparán o que se garda tralas portas

VOZ EM OFF: Que xurda o que non ten nome nin collerá nun nome. Que os nosos corpos sexan lidos como manifestos, e que a fronteira que nos separa do/a outro/a se transforme en paraíso delirante, desexante. «Que saibamos transformar as nosas vulnerabilidades en furia, os nosos cortes en atallos»

VOZ 1: Límites manifesta que as portas están pechadas por fóra, que a pretensión é abrilas e colocarse baixo o lintel e máis alá do lintel: fóra (tan aquí)

“hai algo que non pode enunciarse: as marxes, o tránsito entre as bandas”

VOZ 2: Que os seus rastros se amoreen e espaxen por toda a xeografía do afecto, no límite; que a fronteira é permeable e precede os muros, que alí suceden cousas e dise rúa; que o límite é o lugar do encontro e da barbárie, manifesta Límites.

...

VOZ 3: Unha voz avanza ás apalpadas sobre as marxes do silencio. Cabalga un corpo, loita por facerse intelixible mentres afinca un pé nesta banda do río e naquela o outro.

VOZ 2: A orde das cousas é unha ilusión para carne incauta.

VOZ 3: O corpo colle dela un lugar para asirse sen raíces, de maneira precaria pero certa.

///

VOZ 1: Fóra do discurso a desorde.

VOZ 3: De aí que todo canto afirme a voz sobre as coxas e as virillas, sobre as mans e os pés e o lugar en que se afinca, estea sometido ao escrutinio implacable da sanción e da condena. Pero hai algo que non pode enunciarse: as marxes, o tránsito entre as bandas, un estado salvaxe en que a transferencia

VOZ 2: é norma,

VOZ 3: en que o nervio e o seu relampo

VOZ 1: é norma,

VOZ 3: en que a secuencia dos acontecementos fica abolida e a abolición é norma, en que é posible ser outra cousa, non someterse á norma: un lugar para a indefinición onde todo está por dicir por primeira vez aínda.

Se a cadea é cadea, como afirma a voz no reflexo das augas, será que o seu ser se funda no devir e non na forma dos seus elos? Es quen, ti, aquí, agora, de pensar unha cadea en que cada elo preserva o sentido do elo mais é distinto en forma, cor, textura, desexo, aspiración, aos outros

...

///

“algo que debería ser chamado de terra, mas é latifúndio, propiedade privada”

VOZ 2: Este corpo non reflicte
A súa imaxe nin no espello
nin na forma breve do futuro.
Cavar, cavar, cavar e abrir arterias fondas,
cursos torrenciais.
Se polo sangue corre un nome de río desbordado
Procurando onde derramarse,
Os latifundios eran entón
Océanos enteiros de labios
VOZ 3: pedindo lábios,
VOZ 1: calculando labios
VOZ 2: metros,
perímetros de pel envasada en
plásticos e outras materias afíns
VOZ 1: amputada a anatomía do desexo
VOZ 3: Agacharse tras das Pantallas,
amosarse tras das pantallas
VOZ 2: relatando o Corpo,
VOZ 1: repartindo o corpo
VOZ 2: Estrando o corpo pola xeografía do
Límite,
e a paisaxe arrasada por unha voz calquera
infectada de silencio
VOZ 3: Unha voz contaxiada de silencio
VOZ 2: Unha voz sobre as marxes do silencio
VOZ 1: e o seu rastro

///



#II Colectivo

VOZ 1: A minha corcunda é a Serra da Mantiqueira — mata atlántica de pêlos — o rosto é o mapa da aldeia, na encruzilhada da boca, onde os olhos de jaguaririca espíam o que vem do mar: O peito, a favela de mil casas onde há festa, fanfarras, rodas de samba, melancolia & tristeza. No bucho o bispo segue deglutindo, o sexo, onde debería estar a vagina, foi colocado o totem da tortura — pernas riachos, nos pés a foz, no chão — algo que debería ser chamado de terra, mas é latifúndio, propiedade privada.

“bailamos, bailamos, bailamos, cantamos, cantamos, cantamos”

#III Transfronteirizo

VOZ 1: Sou linha:
de um lado campo, do outro cidade.
De um lado margem de mil praias e do outro rochedos.
De um lado tenho documentos e do outro, clandestino.

VOZ 2: A linha é o rio Miño,

VOZ 1: a linha é Tijuana,

VOZ 3: a linha é Palestina, a linha é o Xingu,

VOZ 2: a linha é o bairro,

VOZ 1: a linha é o desejo,

VOZ 2: a linha é o Mediterrâneo.

VOZ 1: Ainda a linha é a transa,
lábio a lábio, iris a iris,
é a palavra enroscada na imagem,
e por sua vez, a imagem vibrando na fibra quente
do corpo do bailarino e da atriz.

///

A linha orgia,
é piano tocado a mil mãos
— é o eu no outro,
e o outro no eu—

é a casa se convertendo em praça,
e é esta praça se transformando
em um órgão vital do nosso mundo,
bailamos, bailamos, bailamos,
cantamos, cantamos, cantamos.

E recordamos: o que virá, ainda sem nome,
não caberá em nossas fronteiras.

...

“devir tumulto, ataque preventivo contra a orde do discurso”

VOZ 2: Devir unha manda de éguas, extremidade escarranchada en grea, como a herba se conforma no verdío, avanza o furacán, alegre, ou

Devir tumulto, ataque preventivo contra a orde do discurso como a néboa en suspensión sobre a ribeira, alarde de humidade, ou

Devir pulsión, en desbandada; someter ao azar o nome como a néboa se desliza sobre as abas, engulindo a luz do día sen promesas

Confundirse coas virillas, percorridas por un látego de nervio e verso soltos sen agardar por nada

VOZ 3: [sen censura]

VOZ 2: sen agardar do movemento nada,

VOZ 1: [sen censura]

VOZ 2: sen nada saber do final do río.

VOZ 1: sen nada saber do final do río.

VOZ 3: sen nada saber do final do río.

...



///



3 VOCES: Atravesar, traspasar, converxer, transitar, cruzar, desbordar, vadear, coincidir, superar, percorrer, confluír, tocar, establecer, circunscribir, rodear, precisar, fronteira, linde, bordo, liña, meta, paso, preto de, escasamente, a rentes, a um lustro, incluír, extremo, adxacente, beira, periferia, perímetro, cruzamento, por pouco, a piques de, a punto de, moi cerca, apenas, rodear, confín, tanxente, sinal, estrema, cabo, contorno, fin, case, inmediato, estar por, a un intre, inminente

“non hai nada cara onde ir; o corpo trazou a liña do devir”

#Epílogo

Non hai nada que ocultar / O corpo transitou a liña do devir
Non hai nada onde volver / O corpo desprazou a liña do devir
Non hai nada cara onde ir / O corpo trazou a liña do devir

///

Texto 20. Cara a unha escena plural. Colectivo Límites.

Publicado en setembro de 2021 na órbita do proxecto “Cara a unha escena plural”, unha iniciativa que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia. O proxecto, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, nace no marco da Galicia Escena PRO 2019 e continúa dende 2020 co apoio de Agadic e distintos espazos colaboradores.